

O PSdeG de Lugo recriminalle á Xunta o “oportunismo” co HULA “cunha nova promesa sen compromiso real”

O secretario de Sanidade, Miguel Ángel Rodríguez Lois, lamenta que a Xunta poña agora o condicionante de que sexa un consello interterritorial quen aprobe a Hemodinámica e pregúntase “se é que a Xunta quere enganar á xente e facernos crer que non ten competencias para asumir un compromiso firme”

Rodríguez Lois critica que “a Xunta só fale da Hemodinámica para poner un parche e saír do paso” e pense “que pode esquecerse e deixar a un lado servizos básicos como a Radioterapia e a Medicina Nuclear”

O socialista reclama unha explicación sobre os argumentos da Xunta, que di que Lugo non pode ter unha unidade de Hemodinámica independente e debe depender da Coruña. “Que expliquen ben clariño o que queren facer e cales son os intereses reais do Sergas”, afirma.

O PSdeG-PSOE de Lugo censura o “oportunismo” da Xunta “cunha nova promesa sen un compromiso real” para a dotación do servizo de Hemodinámica do HULA, “casualmente a dous días da manifestación dos veciños”. Ante o anuncio do Sergas, que di que este servizo estará operativo antes do verán pero co condicionante de “se o aproba o consejo interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en febreiro”, o secretario de Sanidade provincial do PSdeG, Miguel Ángel Rodríguez Lois, pregúntase “se é que a Xunta quere agora enganar á xente e facer crer que non ten competencias para asumir un compromiso firme, sen condicionantes”, e lamenta que “xa en 2010 o PP prometeu o mesmo, polo que a credibilidade é nula se non hai un documento firme e se deixan de promesas ao aire”. “Onde está a partida nos Orzamentos?”, preguntouse, e lembrou que o PSdeG “precisamente vai presentar unha enmenda para que inclúan a partida, e cando a aproben, crerémolo”.

En todo caso, Rodríguez Lois asegura que “é moi importante que o movemento cidadán estea a presionar e facer reflexionar ao Goberno galego” e que “se finalmente a Xunta rectifica e é responsable, será unha moi boa nova”. Aínda así, Rodríguez Lois lamenta que “a Xunta só fale de Hemodinámica para saír do paso e poner un parche ante a inminente manifestación vecinal” e “pense que pode esquecerse e deixar a un lado os servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear”, cuxa ausencia fai que os enfermos de cancro teñan que desprazarse a outras provincias.

Por outra banda, o socialista pide “explicacións moi claras” da afirmación que fan desde o Sergas de que Lugo “non ten poboación suficiente para ter unha unidade específica e independente de Hemodinámica” e terá que estar supeditada a A Coruña. “Que expliquen ben clariño o que queren facer e cales son os intereses reais do Sergas”, afirma. “En toda España só hai oito provincias sen servizo de Hemodinámica, e todas elas teñen moita menos poboación que Lugo”, lembrou o secretario de Sanidade socialista.